



Debaixo das nosas vilas e cidades hai restos doutras cidades que foron xerando as actuais.

O pasado arqueolóxico

79. Que é?

Desde a orixe das nosas cidades e dos nosos núcleos urbanos hai, ás veces, máis de dous mil anos, outras xentes ocuparon o territorio onde vivimos agora. Das súas formas de vida, das súas actividades, dos edificios que construíron e das trazas das súas rúas chegaron ata nós importantes restos que quedaron enterrados. Estas xentes modificaron o solo onde despois se foron construíndo outros edificios, con distinta fortuna, ata chegar aos que agora coñecemos.

80. Por que é importante?

Enterrada baixo o chan da nosa cidade o da nosa vila atópase a súa propia historia, a memoria das súas orixes e o relato da súa lenta evolución. Os trazados das rúas que agora percorremos son froito dos acertos ou dos erros do pasado, e os sistemas construtivos que aínda habitamos teñen a súa orixe nos medios que os nosos antepasados tiñan ao seu alcance. Coñecer a nosa historia permítenos entender e valor máis as nosas cidades e o noso territorio.

81. En que nos afecta?

As obras que queremos realizar no noso edificio ou no noso contorno quizais obrigan a intervir no solo arqueolóxico. A lexislación vixente prevé os necesarios mecanismos para detectar e valorar os posibles restos arqueolóxicos do lugar, facilitar o seu estudo e evitar a súa destrución. Esta tarefa encoméndase-lles aos arqueólogos.